



osbancosdotempo

EU, TI, CONTIGO

Concello de brión

Estase poñendo en marcha no concello de Brión un novo programa que ten como finalidade fundamental a conciliación da vida persoal familiar e laboral das persoas que forman parte do mesmo así como tamén se pretende que sexa un medio co cal se incremente a rede social dos seus habitantes . Trátase dun medio a través do cal se transmiten coñecementos e habilidades así como tamén se intercambian tarefas fomentando deste xeito a confianza e a axuda mutua entre os seus veciños.

¿ CAL É O SEU FUNCIONAMENTO?

As persoas que queiran formar parte do banco de tempo do concello de Brión deberán achegarse ó centro social polivalente e preguntar pola xestora do tempo. Farase unha entrevista, pediránselle os datos persoais e unha fotocopia do D.N.I . Preguntaráselle que desexa ofertar e demandar.Cada persoa será titular dunha “conta corrente de tempo” , na cal se rexistrarán os intercambios realizados, aínda que se esixe un pequeno requisito: por cada dez horas ofertadas, o usuario terá de demandar outras tantas. Cada persoa que vaia prestar un servizo levará consigo un “recibí” que deberá firmar a persoa que recibe, xunto que servizo e o tempo que lle prestaron.

Periódicamente sairá un boletín de servizos no cal constarán as actividades dispoñibles para ofertar e demandar.

Tamén contaremos con unha Caixa de testemuñas chamado “ O BANCO CONTA..” na cal as persoas poden expoñer as súas experiencias e opinións así como tamén facer suxerencias e aportar novas ideas para mellorar o funcionamento do banco do tempo.

¿ QUEN PODERÁ FORMAR PARTE DESTE PROGRAMA?

Poderá formar parte deste programa todas as persoas maiores de idade .

¿ QUE SE PODERÁ INTERCAMBIAR?

Poderanse intercambiar coñecementos ou servizos moi variados como por exemplo:

Atención ás persoas maiores: apoio no coidado de persoas maiores, acompañamento, apoio nas tarefas do fogar, apoio na medicación, paseos, etc.

Atención a os nen@s: acompañamento(no fogar,colexio, levar ó parque,...), ensinanza de habilidades(disfraces,papiroflexia, globoflexia,...).

Traballos domésticos: apoio nas tarefas domésticas en xeral(facer a comida, organizar armarios,arranxos de roupa, arranxo do xardín, pasar o ferro,...)

Outros coidados: apoio no coidado das plantas ou mascotas,ensinar a coidar o xardín.

Actividades de lecer: saídas en xeral(senderismo, bicicleta, correr, visitas turísticas...), acompañamento ó cine, teatro e outros espectáculos, ensinar a xogar as cartas, dominó, parchís e outras habilidades.

Formación e educación: Apoio escolar, deberes, técnicas de estudo. Apoio na comprensión de diferentes idiomas, axudar a aprender o idioma galego.

Saúde e benestar: Ensinar a tomar a tensión arterial. Ensinar como comer san e equilibrado. Asesoramento a persoas embarazadas. Conceptos básicos de maquillaxe, etc.

Informática,novas tecnoloxías e xestións administrativas: apoio na aprendizaxe das novas tecnoloxías(manexo do PC, móbil, MP3, videoxogos,...), axudar a facer curriculums e outras documentacións administrativas, acompañar a resolver determinadas tarefas administrativas.

Ensinanzas da cultura tradicional: ensinar a facer cousas tradicionais(cestos, sombreiros, calceta, ganchillo,...). Ensinar cousas relacionadas co coidado do campo e da horta. Contar historias de épocas antigas, ensinar xogos tradicionais, etc.

Bricolaxe e decoración. Apoio para realizar pequenos arranxos de electricidade, fontanería, carpintería, albañería,pintura...

VENTAXAS:

- Permitirá incrementar a rede social ó coñecer novas persoas loitando contra o illamento tanto para persoas do rural coma do urbán.
- Permitirá favorecer a conciliación da vida persoal, familiar e laboral.
- Aprenderá e transmitirá coñecementos e habilidades, confiando nos demais e no lle poderemos ou nos poden aportar.
- Fomentaranse valores como a solidaridade e a axuda mutua.

PARA MÁIS INFORMACIÓN ACHÉGATE Ó CENTRO SOCIAL POLIVALENTE EN HORARIO DE MAÑÁ.

AVDA. DE SNTA MINIA,46

PEDROUZOS

15865 BRIÓN

TEL: 981- 50 99 10

bancosdotempo@briondixital.org

bdtbrion@hotmail.com